



## BANDO

**David Barbeira García, Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, fai saber a toda a veciñanza: Segundo datos das autoridades sanitarias, son 16 os casos positivos por COVID-19.**

### MEDIDAS XERAIS

Nivel de restricción máxima en toda Galicia. As medidas de prevención son:

-Limitacións á entrada e saída de persoas de cada un dos Concellos da CC.AA de Galicia, agás asistencia a servizos sanitarios, obrigas laborais, profesionais, empresariais, asistencia a universidades, centros educativos e docentes, escolas de educación infantil, retorno ao fogar, asistencia de maiores, dependentes, entidades financeiras, seguros, gasolinerías, notarías, xulgados, renovac. de permisos e trámites administrativos, exames, coidado de hortas e/ou animais, autoescolas, centros de formación, abastecemento de alimentación e bebidas, forza maior...

-Non se permitirán reunións de persoas que non sexan conviventes en espazos de uso público e de uso privado, agás determinados supostos excepcionais e xustificados.

-Lugares de culto: Aforo de 1/3. Velatorios:Límite máximo de 5 persoas por túmulo, agás conviventes e 15 persoas no exterior. En comitivas: máximo 15 persoas non conviventes.

-Casamentos e demais celebracións: Só conviventes.

-Caza/pesca individual ou conviventes (caza do xabaril e lobo non suxeita a limitacións de mobilidade ou agrupacións).

-A hostelería permanecerá pechada ao público, agás entrega a domicilio (ata as 00.00 horas) ou recollida ata as 21.30 horas.

-O comercio pechará ás 21.30 horas. Aforos 50%. Preferencia >65 anos.

-As áreas comerciais pecharán os sábados, domingos e festivos agás servizos esenciais. Aforo 30%.

-Autoescolas (nos vehículos utilización de máscara en todo momento), academias e centros privados non regrados: 50% de aforo. Priorizar ensino telemático.

-Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais públicos/privados. Aforo 30%. Grupos máximos 4 persoas.

-Cines, teatros, auditorios etc, 30% da capacidade, público sentado, distancia mínima de 1,5 metros, agás conviventes. Límite máximo 250 p. en lugares pechados e 500 p. ao aire libre. Ventilación de espazos (30 minutos antes e despois). Existencia dun rexistro de asistentes ao evento. Custodia 1 mes. Desinf. intensiva.

-Práctica de actividade física e deportiva non federada so poderá realizarse ao aire libre de forma individual ou con persoas conviventes. Uso obrigatorio de máscara. Adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico baixo protocolos da Xunta e non estarán suxeitos ás limitacións de entradas e saídas de ámbito territorial e ás limitacións establecidas á liberdade de circulación en horario nocturno. Uso de vestiarios aforo 30%. Desinfección tras cada uso.

-Enseño universitario presencial: modalidade presencial o 01/03/2021.

-Permítese a actividade lectiva presencial de escolas oficiais de idiomas, arte, conservatorios de música e danza, centros autorizados de deportes, fútbol, fútbol sala, dende o día 22/02/2021. Continúan suspendidas actividades relacionadas con instrumentos de vento e/ou canto.

-Peche ao público de albergues turísticos, centros de interpretación, aulas de natureza, puntos de información da rede galega, centros sociais, sociocomunitarios, clubs xubilados, **agás centros de día e maiores, ocupacionais e casa do maior.**

-Servizos sanitarios: un acompañante por usuario para menores, dependentes ou xestantes.

-Realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos ou profesionais: 30% capacidade, máximo de 30 persoas lugares pechados e de 75 persoas en actividades ao aire libre.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA**

- De continuar evolucionando favorablemente, a feira municipal reanudarase o próximo 6 de marzo de 2021.
  - Ábrense ao público os parques infantís, circuito de calistenia e pista multideporte. 1 persoas/4 metros cadrados. Desinfección extrema.
  - Seguen suspendidas as actividades deportivas non federadas en instalacións cubertas, culturais, educativas e lúdicas impartidas dende o Concello, realizadas en todos os edificios públicos.
  - Quedan suspendidas todas as autorizacións municipais para eventos, feiras, charlas e/ou coloquios.
  - Toque de queda entre as 22.00 e ás 6.00 horas, agás causas xustificadas.
- Eficacia dende as 00.00 do día 17/02/2021 ata o día 03/03/2021.

Santa Comba, 19 de febreiro de 2021